

Á CORPORACIÓN DO CONCELLO DE CHANTADA

MOCIÓN PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE APOIO AO CAMPO GALEGO



O Consello da Xunta de Galiza vén de anunciar a aprobación dun paquete de axudas por volta dos 600.000€ para paliar os estragos causados polo pedrazo no mes de agosto en partes vitivinícolas como Doade, en Sober, e Marcelle en Monforte de Lemos. Cada produtor poderá recibir até un máximo de 15.000€ en concepto de axuda e, amais, 100.000€ destinaranse á mellora de infraestruturas nas zonas afectadas.

No entanto, é de lamentar que isto ocorra por ser en véspera das eleccións nacionais, xa que aínda o ano pasado non se adoptaron esas medidas co pedrazo que caeu en 100 hectáreas subzona de Bibeí con perdas comprendidas entre o 20 e o 80%.

Sexa como for, na comarca de Chantada o sector vitivinícola viuse tamén castigado polas condicións climáticas cun forte andazo de mildeu e oídio, coñecido na nosa terra como peste vella. Outro sector aínda máis vital para a nosa economía e o lácteo que vive unha crise que ameaza con ser terminal con produtores producindo a perdas e cunha falta de relevo xeracional moi acusada, pois 6 de cada 10 titulares teñen máis de 60 anos, 45.500 persoas en 2013 fronte a 3.600 que teñen menos de 40 anos, 5% do total en 2013. Desde 2003 o campo galego perdeu o 23% dos titulares de explotacións, ou sexa practicamente unha cuarta parte en apenas unha década.

As dimensións económicas da crise son letais para o conxunto da economía galega. Sen irmos máis lonxe o rural galego ingresaría máis de 1.000 millóns de euros se o leite se abonase conforme á media estatal e non ao prezo máis baixo de Europa polo *dumping* e políticas de pasividade, galegóforas e liquidacionistas do noso campo a tal punto que que algún día o exterminio do rural e do tecido produtivo galego se estudará como exemplo rematado de políticas á altura do saqueo practicado polas metrópolis nas colonias.

A nosa comarca beneficiaríase no sector servizos e industrial notabelmente de termos uns prezos dignos e animaríase o relevo xeracional, como se deu no sector vitivinícola na última década cunha produción cada vez de maior calidade e focada ao ecolóxico e á procura do alto valor engadido algo pendente de aplicar ao sector lácteo.

A seca continuada fai que as perdas no millo forraxeiro sexan considerábeis co cal aumentará a compra de insumos e encarecerase aínda máis a produción do litro de leite, nomeadamente no modelo intensivo promovido pola Xunta e outros organismos como o GDR mediante subvencións e políticas que perseguían a agricultura tradicional e o pastoreo que, progresivamente, se irán erguendo como alternativas para o campo galego.

Como Corporación decidimos hai agora un ano crear unha comisión de apoio ao sector lácteo, a instancia dunha emenda a unha moción do PSOE proposta pola CUP, integrada por sindicatos e representantes do sector que quixesen adherirse libremente e onde o protagonismo dos partidos debería ser o de menos dada a incapacidade que reiteradamente teñen mostrado para defender o tecido produtivo e arbitrar solucións e alternativas para o rural galego.

Porén é un feito incontestábel que ese acordo nunca se cumpriu por falta de vontade do Goberno municipal que non se preocupou de apoiar as demandas e procurar solucións alén de participar en marchas que máis ben remitían para un cortexo fúnebre do sector.

Por todo o exposto, volvemos propor medidas urxentes para adoptar ou instar a que sexan adoptadas resultando desta moción o seguinte **ACORDO**:

1.- Instar á Xunta de Galiza a que, coa máxima celeridade, aprobe un paquete de axudas urxentes para o medio rural que conste das seguintes liñas:

- a.- Liña 1: para indemnizar os produtores de leite polas perdas producidas pola seca e como primeiro paso para compensar os beneficios sociais que os nosos labregos achegan á ordenación do territorio e á extinción dos incendios.**
- b.- Liña 2: para paliar os efectos das diversas pragas nas D.O. galegas, como o mildeu e a pesta vella na Ribeira Sacra ou a botrite na D.O. Rias Baixas.**
- c.- Liña 3: para retribuír e recoñecer os beneficios sociais da agricultura en extensivo e do pastoreo na ordenación do territorio e na prevención dos incendios. Esta liña deberá ter vocación de continuidade no tempo e recoñecerse como axuda permanente como unha liña máis na prevención dos incendios por ser Galiza a nación da UE que máis gasta en extinción de incendios infrutuosamente.**

2.-Botar a andar, aínda que sexa cun ano de atraso, a comisión de apoio ao sector lácteo e facelo a nivel comarcal coa seguinte composición e fins:

a.- Composición:

- **1 Representante dos sindicatos maioritarios (UAAA e SLG)**
- **2 Representantes das formacións políticas con representación institucional da comarca cun máximo de 1 por partido político (PP, Inta, PSOE, BNG, Por Chantada-CUP)**
- **Representantes de asociacións e entidades cívicas, así como persoas ligadas ao sector que desexen integrarse a título individual.**

b.- Finalidade:

- **Axudar a impulsar no conxunto da Ribeira Sacra entidades semellantes para impulsar accións coordinadas desde mobilizacións até propostas para adoptar nos diversos eidos institucionais.**
- **Crear canles de difusión das propostas, análises e acordos adotados, nomeadamente das demandas do sector.**
- **Promover cursos formativos e informativos de diversa índole para reforzar o horizonte de expectativas das labregas e labregos, especialmente no relativo ás posibilidades da agricultura extensiva e da diversificación sectorial, por exemplo información relativa ao potencial en campos como o mel, a castaña ou a cereixa.**
- **Integrar as demandas e problemáticas dos diversos subsectores do primario da comarca: cárnico, lácteo, vitivinícola, etc.**
- **Procurar un enfoque integral, tamén procurando solucións que pasen polo fomento do cooperativismo ou saídas para edificios como o de Frilusa.**

3.- A Corporación do concello de Chantada insta aos concellos de Taboada e Carballedo a adoptar un acordo análogo e comprométese a ceder un espazo para as xuntanzas da comisión e a sufragar a parte proporcional que lle corresponde para gastos de funcionamento e difusión da actividade da comisión.

4.- O concello de Chantada impulsará, en colaboración cos sindicatos agrarios, en 2017 un calendario de actividades formativas e informativas sobre os diversos subsectores, potencialidade e alternativas da agricultura tradicional e do pastoreo, etc.

5.- O concello de Chantada insta a Xunta de Galiza e á Deputación de Lugo para que habiliten senllas liñas de axudas para a posta en marcha de actividades formativas, mercados locais e diversificación económica no medio rural co gallo de fixar poboación e contribuír a termos un rural vivo. Ditas axudas habilitaranse por comarcas para favorecer a cooperación entre entidades locais.

En Chantada a 27 de agosto de 2016.

Antom Fente Parada, voceiro de Por Chantada-CUP